Sergio Rodríguez P.



# Inferno

*Reflexión sobre o "Inferno" da Divina Comedia de Dante Alighieri*

Sergio Rodríguez

MUSIC

Sergio Rodríguez P.

# Inferno

*Reflexión sobre o "Inferno" da Divina Comedia de Dante Alighieri*

Sergio Rodríguez

MUSIC

**© 2017 Sergio Rodríguez Pena** · Bandeira (Pontevedra)

***Para contactar co autor:*** sergiooboe18@gmail.com

# *Notas ao Programa*

Inferno é unha pequena peza de música programática na que se narra o "Inferno" da Divina Comedia de Dante Alighieri.
Dividida en tres partes con forma ternaria (A B A'), nárrase a experiencia do propio Dante, desde o descenso ao Inferno acompañado do poeta Virxilio, ata a saída deste cara o Purgatorio, pasando polo viaxe dentro do Inferno.

A obra comeza cun leitmotiv presentado polas cordas que representa o ruído do Inferno e, nun primeiro momento tamén, a situación de Dante ao atoparse nunha selva escura. A primeira intervención dos dous trombóns e a tuba simbolizan as tres bestas que atacan a Dante, mentres que a intervención dos clarinetes simbolizan o rescate de Dante por parte de Virxilio (este dous motivos son repetidos dúas veces con cambios de instrumentación). A partires de aí comeza a viaxe até as portas do Inferno, facéndose cada vez máis evidente polo leitmotiv das cordas en crescendo. A entrada triunfal dos metais, que se acentúa logo coas madeiras e a percusión, simbolizan as portas do Inferno ata chegar ao fortissimo no que as madeiras se incorporan ao leimotiv das cordas mentres os metais e percusión representan os lamentos de aqueles que nunca se comprometeron, as ánimas dos que xamais fixeron nada bo ou malo. A chegada ao Inferno é inminente no momento no cal toda o orquestra queda suspendida nun La pedal (en Dó) e algúns instrumentos fan un escala cromática ascendente ou descendente. No 2/4 ♩ = 120 xa nos atopamos no Inferno, no cal nun pedal de Re (en Dó), imos poder escoitar a "melodía do Inferno" baseada en tritonos. Logo de escoitarse esta melodía en solos de diferentes instrumentos ímola escoitar en toda a orquestra, acentuando así o seu carácter disonante. Ao rematar esta sección voltamos a escoitar o leitmotiv do ruído do Inferno, desta volta nos metais, fagots e cordas graves mentres que as madeiras volven a representar as ánimas que non fixeron nada bo nin malo. Para acabar, volve a soar a melodía triunfal dos metais, desta vez con toda a orquestra desde o primeiro momento para acabar con catro compases nos que un diminuendo al niente simboliza o remate do pesadelo que Dante e o seu guía espiritual acaban de vivir.

# *Instrumentación*

Frautín
Frauta 1
Frauta 2
Óboe 1
Óboe 2
Fagot 1
Fagot 2
Clarinete 1 (Sib)
Clarinete 2 (Sib)

Trompa 1 e 2 (Fa)
Trompa 3 e 4 (Fa)
Trompeta 1 (Sib)
Trompeta 2 (Sib)
Trombón 1
Trombón 2
Tuba

Órgano *ad lib.*

Timbais
Percusión 1
Percusión 2

Violín 1
Violín 2
Viola
Violoncello
Contrabaixo

# Inferno

- reflexión sobre o "Inferno" da *Divina Comedia* de Dante Alighieri -

Sergio Rodríguez P.




© Sergio Rodríguez Pena, Bandeira, 2017